



CONCELLO
DE
MORAÑA

BANDO

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: morana@concellos.depontevedra.es
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA
36660 MORANA (Pontevedra)

AXUDAS PARA A COMPRA DE MOBLES DE MADEIRA PARA O FOGAR E COLCHÓNS



D. José A. Eiras Paz, alcalde-presidente do Concello de Moraña

FAI SABER:

Que o IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica - Xunta de Galicia) pon en marcha o Plan Remóblate Galicia. Ao abeiro deste plan concederanse axudas a fondo perdido para a adquisición de mobiliario de madeira para o fogar e colchóns.

Beneficiarios: Persoas físicas maiores de 18 anos que adquiren un ben obxecto de axudas nun establecemento de venda de mobles ou colchóns situado en Galicia e pertencente a unha peme, que sexa entidade colaboradora do Plan.

Contía das axudas: 15% (7% de axuda do Igape, cun máximo acumulado de 280 euros de subvención por persoa física; 8% de desconto do establecemento de venda e fabricante). Compra por importe mínimo de 600 € (excluíndo impostos).

Tramitación de solicitudes: Nos establecementos de venda de mobiliario de madeira para o fogar ou colchóns que sexan colaboradores do Igape na tramitación nestas axudas (comercio adherido ao Plan Remóblate).

Prazo: Ata o 15 de decembro de 2010.

Para máis información, pódese acudir ó Concello de Moraña ou chamar por teléfono ó número 986 55 30 05.

Moraña, 3 de novembro de 2010

O alcalde



Asdo. José Amador Eiras Paz